

Decreto de creación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional (CGIFP)

A Xunta deixa en mans da Deputación de Ourense o futuro dun centro de innovación de FP a “nivel galego” no que a CIG-Ensino exige que o organismo provincial teña un papel minoritario.

De toda a xustificación inicial do proxecto man a man da Xunta coa Deputación de Ourense parece derivarse que **a Consellaría vai centrar todos os seus recursos nunha serie de familias profesionais, desatendendo o resto.** Se a oferta e atención vai limitarse por familias profesionais tamén se pode ver afectada pola situación xeográfica, xa que o profesorado do norte do país, mesmo nas familias profesionais ás que se dirixe, pode ter dificultades se a formación se fai só no novo centro. Por iso **o lóxico** non parece centrar os esforzos de formación nun centro en particular, senón en **deseñar unha formación descentralizada.**

Neste sentido consideramos que nos fins e obxectivos, cando se fai referencia ás demandas do tecido empresarial, debe incorporarse “atendendo ás potencialidades do tecido produtivo e á

mellora da oferta educativa das distintas comarcas do país”, xa que é unha realidade a concentración actual da oferta nas cidades e na costa en detrimento doutras comarcas.

A rara historia do investimento da Xunta en innovación na FP. De Vigo a Ourense e con modelos e propostas diferentes.

O que chama a atención de todo este proxecto é o camiño andado pola Xunta desde que no ano 2018 **pretendía montar en Vigo un “Campus de FP”** no que estaba disposto a investir **7,1 millóns de euros**, sempre que encontrase alguén (Zona Franca de Vigo) que puxese os 5,5 millóns restantes. Curiosamente o que atopou a Xunta foi quen puxese os 5 millóns de euros (a deputación de Ourense) mais o financiamento do goberno galego baixa até os 3,4M€ de Educación e 1,5M€ de Economía. Iso si, o proxecto non se parece en nada ao inicialmente previsto.

CGIFP: un novo xoguete nas mans de Baltar?

O que agora se nos vende como **un centro de referencia da FP a nivel galego se presenta por parte de Baltar desde a perspectiva provincial**, afirmando que o centro vai ser “un gran revulsivo para a capacitación profesional na provincia de Ourense”. De momento, e de maneira inaudita, **Educación cede tres postos no consello executivo do centro, sendo a provincial a administración con maior representación** (por 2 altos cargos de Educación e 1 de Economía). **Tendo en conta o funcionamento caciquil da Deputación de Ourense, todas as dúbidas, cautelas e desconfianzas sobre un centro no que o principal financiador tamén é que máis postos ten na dirección executiva son poucas.**

A Consellaría de Educación debe aclararse: ou estamos diante dun Centro propio no que, por tanto, **a representación nos órganos de dirección debe estar conformada por persoal e cargos propios da Consellaría de Educación** ou estamos nun xoguete nas mans de Baltar. Desde a CIG-Ensino entendemos que a representación da Deputación debe ser minoritaria, xa que non é unha administración con competencias educativas.

No consello executivo tamén se indica que haberá tres vogais en representación dos **“axentes económicos e sociais por proposta do consello executivo”**. Esta decisión rompe coa representación que

sindicatos e patronal temos nos diferentes CIFP, no Consello Galego de FP ou mesmo no Consello Xeral de FP a nivel estatal, na que a representación baixo ningún concepto está supeditada á decisión do propio órgano senón á representatividade, no caso das organizacións sindicais. **Non existe, a día de hoxe, ningún órgano no que estean representados os sindicatos nos que non se teña en conta a representatividade.**

Por outro lado, non é de recibo que nel non teña representación o persoal asesor que vai traballar no propio centro.

Estamos en desacordo co nomeamento da dirección por libre designación e defendemos que este posto se cubra mediante un concurso de méritos no que prime realmente a experiencia vinculada ao cometido que se agarda nun centro destas características e non pola afinidade política ou persoal cos altos cargos da Consellaría e/ou a Deputación de Ourense.

Queremos coñecer o impacto económico e en postos de traballo que vai implicar este centro e con canto persoal asesor vai ser dotado.

No decreto afírmase que os servizos se ofertarán ás empresas e centros educativos. Como se vai organizar para priorizar? Terán preferencia empresas ou centros?